

Carlos Taibo: "Cando alguén celebra a desaparición dunha lingua, pregúntome que ten dentro da cabeza"

O politólogo Carlos Taibo vén de publicar *O Feitiço das línguas* (Através Editora, 2022). Autor de máis de trinta libros en galego e castelán, moitos deles relativos ás transicións na Europa central e oriental, afonda agora nesta obra na súa paixón polas linguas empregando de maneira singular o xénero da autobiografía. Presentouno esta quinta feira na Coruña e na sexta estará en Compostela (Librería Couceiro, 19 horas).

Antón Escuredo 04/mar./22

<https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/carlos-taibo/20220303195207138441.html>

Cal é a razón escribir agora unha obra entre autobiográfica e lingüística?

Ás veces non hai unha razón precisa. A miña vida intelectual, e non lle dou ningún relevo a este adxectivo, é unha mesa con catro pés. Un deles é o meu traballo na universidade vencellado coas mudanzas na Europa central e oriental. Outro o activismo político que me invita a contestar ao capital e ás súas regras. O terceiro serían os libros como obxecto marabilloso sen os que a miña vida non tería sentido. E o cuarto as linguas.

Decateime non hai moito que boa parte das historias e brincadeiras que eu conto teñen unha base lingüística. Pareceume que tiña sentido de facer unha homenaxe ás linguas que para min son a creación máis marabillosa da especie humana. Ese é o miolo do que xorde o libro.

Ese amor polas linguas tamén é algo revolucionario nun mundo que, cada vez máis, procura concentrarse en poucas e dominantes?

Cando alguén celebra a desaparición dunha lingua, eu pregunto que é o que ten dentro da cabeza. A desaparición dunha lingua é a desaparición dunha cultura. Certamente, aínda que no libro hai unha dimensión de brincadeira, mesmo nalgún caso canalla, hai unha reivindicación das linguas e singularmente das linguas minorizadas.

Este libro é produto dun compromiso lingüístico coa lingua do meu país, o galego-portugués. É unha mestura entre a vocación de chamar a atención dunha maneira razoabelmente divertida e relaxada sobre as linguas e ao mesmo tempo unha reivindicación política coas que están nunha situación difícil e que creo que merecen o noso apoio.

Debo salientar, en calquera caso, que eu non son un gran dominador de linguas. Ás veces a xente pensa que eu teño grandes habilidades, que son un políglota e non é así. Son un curioso que foi mergullando en moitas linguas e que espera seguir facéndoo no tempo..

Boa parte do libro trata do reintegracionismo e da necesidade dun intercambio mutuo. Hai esa vontade tamén en Portugal e no mundo lusófono?

Esa vontade foi forte na retórica mais nos feitos débil. Porén, teño a impresión de que as cousas están empezando a mudar. Ultimamente escoito moito en Portugal, cando saben que es da Galiza, dicir “que sorte tedes na Galiza que conservades a nosa lingua primixenia cando a nosa está deturpada pola influencia do inglés e falamos cada vez peor”. Esa idea ten a parte saudábel de que identifican unha xenealoxía entre o galego e o portugués mais a parte débil é unha ignorancia manifesta do estado decrépito da lingua da Galiza.

e calquera maneira, este tipo de percepcións en Portugal significan que algo está comezando a mudar. Nos estamentos oficiais probabelmente continúan a triunfar a retórica que anuncia unhas cousas mais sen medidas precisas que supuxesen un achegamento efectivo entre os dous espazos lingüísticos.

Cales cre que son os atrancos máis importantes que teñen as persoas para non dar o salto ao galego-portugués?

Eu pasei por esa situación hai 20 anos. Houbo unha época en que eu era [reintegracionista](#), porén empregaba a ortografía oficial. O paso non é sinxelo. Escribir un galego reintegrado reclama un [esforzo innegábel](#). Mais, sospeito que por tras hai un exercicio de comodidade, de aceptación dunha orde que sabemos que [non é a nosa](#) e que depara certas vantaxes.

Eu non podo queixarme moito de ter sido discriminado por empregar un galego internacional ou reintegrado. É verdade que é unha reflexión un pouco falsa por ser expulsado dos medios de comunicación do sistema, polo que non ten sentido escribir en galego internacional en La Voz de Galicia porque non penso en escribir nese medio.